

LUÍS FREIRE, UN RENACENTISTA NO SÉCULO XX

Naceu na Coruña o 8 de abril de 1914. Con só 11 anos traballou como dependente nun comercio de bixería e, ao pouco tempo, como “mozo dos recados” do Dr. Enrique Flórez del Cueto, quen o convenceu e axudou para que estudara o Bacharelato, o que fixo por libre.

Os 4 anos do Bacharelato Elemental aprobounos en dous, compaxinando esta actividade co traballo e clases de alfabetización a obreiros no local de Xerminal (CNT). A continuación, realizou nun ano os dous cursos de Practicante (ATS) e, ao ano seguinte, decidiu acabar o Bacharelato Superior, tamén 2 anos en un.

Como lle gustaba estudar insectos e arañas, no ano 1935, foi invitado a participar, como axudante en entomoloxía e practicante, na Expedición ao Amazonas, dirixida polo capitán Francisco Iglesias, que foi suspendida “sine die” ante os acontecementos político-sociais do momento.

A situación familiar e a Guerra Civil non lle permitiron continuar estudos universitarios. O seu irmán máis vello foi “paseado” e toda a familia acosada pola Falanxe, o que marcou para sempre a súa filosofía de vida (vivir o presente) e as tendencias políticas (anarquismo) e relixiosas (ateo).

Luis Freire exerceu a profesión de forma autónoma na Coruña, como practicante e dando clases particulares de todas as materias posibles, desde latín e grego a trigonometría esférica. Casou en 1938 e tivo 4 fillos, que lle deron 8 netos.

No ano 1970, faleceu a súa muller. A falta da compañeira e cos fillos independizados, decide con 57 anos cursar estudos universitarios en Santiago. Opta pola licenciatura en Ciencias Biolóxicas.

Foi un magnífico estudante, responsable e traballador como correspondía á súa idade, intelixencia e coñecementos. Aprobou os 5 cursos en 4 anos. Tamén en 1975, obtivo o Grado de Licenciatura coa tese “Macromycetes do monte Pedroso (Santiago)”. E, defendeu a de Doutoramento en 1981, co traballo “Macromycetes da Selva Negra (Santiago)”. Toda



Orla de licenciatura en Ciencias Biolóxicas (1975)

a actividade estudantil e investigadora foi acompañada por reunións nas que participaban intelectuais, humanistas e científicos, da cidade de Santiago, xa que se manexaba perfectamente co latín e o grego clásicos a maior parte dos compañeiros de conversa estaban relacionados coa etnografía, lingüística, historia e antropoloxía.

A principios de 1978 foi contratado como Profesor Agregado de Botánica (PNN) da Facultade de Bioloxía na Universidade de Santiago. Durante esta etapa como profesor, invertendo o horario e distribución prevista nos calendarios oficiais, dedicaba 4 horas prácticas e 2 horas teóricas/semana a cada unha das materias que impartía (Ampliación de Criptogamia e de Fanerogamia). Xeneroso co seu tempo e o seu saber!

Cualificaba mediante un exame práctico e un herbario con máis de 150 especies. Non facía


exames teóricos, xa que acostumaba a dicir que a imprenta fora inventada no século XV e os libros tiñan índice, polo que non era necesario memorizar todos os conceptos, só era importante entendela e saber aplicalos. ... E aínda non aparecera «Boloña»! Un adiantado ao seu tempo.

Foi nomeado director da Residencia Universitaria Burgo das Nacións (1980-1985), na que se hospedaba desde 1975. E, a partir de 1981 comezou a convivir coa súa discípula Marisa Castro, coa que compartiu traballo e afeccións ata o seu pasamento. Foron os anos máis prolíficos na investigación micolóxica e botánica, xa que con ela formou o primeiro equipo de investigación micolóxica no Departamento de Botánica da Facultade de Farmacia.

No 1982, presentou con Marisa o primeiro libro de divulgación micolóxica, escrito en galego, con algo máis de 50 especies, comestibles e tóxicas, 54 receitas de cociña e novas ideas sobre clasificación, etnomicoloxía ou toxicoloxía de cogomelos. Pese a ser a primeira obra de divulgación, Luís Freire xa publicara algún artigo científico xunto co director de tese, entre eles unha especie nova: *Psathyrella ascariensis*.

Ao non ter vínculo laboral coa Facultade de Farmacia, e debido á popularidade alcanzada nos medios sociais coa publicación da “Guía de cogomelos”, tivo certas discrepancias co catedrático de Botánica, polo que, a finais de 1982, foi “invitado”, xunto cos outros cinco membros do seu grupo de traballo, a abandonar as dependencias que ocupaba nesa Facultade. Sen embargo, xunto coa compañeira mantivo vivas as actividades relacionadas coa botánica e a micoloxía, reforzando a relación con investigadores destacados como Francisco de Diego Calonge, Gabriel Moreno, Gastón Guzmán, Juan Seoane Camba, Santiago Castroviejo, Enrique Valdés-Bermejo, Antonio Rigueiro, Javier Silva-Pando ou Xosé Ramón García, entre outros. En 1989, publicou a primeira guía de árbores autóctonas e ornamentais de Galicia con Marisa Castro e Antonio Prunell.

Impartiu clases prácticas de Botánica



Primeiro microscopio utilizado por Luís Freire para a observación de algas

(particulares), dirixidas a alumnos das facultades de Farmacia e Bioloxía, e numerosas, máis de 200, conferencias divulgativas sobre cogomelos e plantas silvestres por todo o norte peninsular (España e Portugal).

Tamén participou como profesor nos cursos de Ecoloxía Marina e Terrestre, organizados polo Instituto de Investigaciones Científicas e Ecolóxicas no Albergue Xuvenil de Gandarío. En 1994 INICE concedeulle a insignia de ouro.

A entrañable relación que estableceu co director dese Albergue, Luís Felipe Mouriño, e con algúns dos colaboradores habituais do “entorno afectivo de Gandarío”, levouno, en 1997, a depositar nel a súa colección de cunchas. A micoteca, que compartía con Marisa Castro, xa fora entregada en 1989 á sección de Micoloxía e Fitopatoloxía do Centro Forestal de Lourizán (SIAM), dirixida naquel momento por Francisco F. de Ana Magán.

O doutor Luís Freire ao final da súa vida tiña dirixido 10 Teses de Licenciatura sobre ecoloxía, plantas e fungos do territorio galego e 2 Teses de Doutoramento referidas a macromicetos

(cogomelos); describira 3 novas especies de fungos: *Psathyrella ascarioides* (1977), *Amanita porrinensis* (1987) e *Gyroporus ammophilus* (1989, 1995) e participara como coautor en 19 libros de divulgación, máis de 40 artigos científicos e divulgativos e 41 relatorios en congresos científicos. Tamén foi un estudoso e experto coñecedor da obra de Frei Martín Sarmiento, chegando a recompilar algo máis de 1.000 nomes galegos de plantas, coa súa correspondencia científica (traballo inédito).

A súa capacidade de comunicación oral e escrita, así como os amplos e variados coñecementos, fixo del un extraordinario divulgador científico. Participou con Ramón Núñez Centella na defensa do Palacete de Santa Margarida para transformalo en planetario e Casa das Ciencias e posteriormente foi socio fundador da Asociación de Amigos desta institución (AACC), que no seu 80 aniversario lle concedeu a insignia de ouro.

Tamén participou activamente no movemento ecoloxista/naturalista galego, xa que foi socio fundador da Sociedade Galega de Historia Natural (Presidente desde 1980 a 1986), do Grupo Micolóxico Galego (Presidente desde 1993 ata 1997) e do Grupo Botánico Galego, entre outros.

Honrou o seu nome sendo Libre, Único, Intelixente e Sabio. Foi sempre un home sinxelo, humilde, comprometido, íntegro e consecuente. A partir de 1990, a vida deste ilustre naturalista e investigador transcorreu entre A Coruña, Santiago e Vigo, cidade na que vivía a súa compañeira, profesora na UVIGO, coa que seguiu colaborando en tarefas de investigación e codirección de Teses ata a súa morte.

Luís Freire faleceu, rodeado por discípulos e amigos, en Vigo o 13 de decembro de 1997 e foi soterrado no cemiterio de S. Amaro (A Coruña).

Nas cidades de Santiago e A Coruña foille dedicada unha rúa. Dúas especies de cogomelos levan o seu nome: *Agaricus freirei* J.B. Blanco-Dios e *Cystoderma freirei* A. Justo e M.L. Castro e, proximamente tamén unha planta surafricana axudará a inmortalizalo, *Felicia freireana* S. Ortiz. Intentou satisfacer as súas inquedanzas culturais asistindo a cantas reunións lle permitía o traballo.

Compartiu coa “flor e nata” dos intelectuais da Coruña afeccións e coñecementos, tan diversas unhas como diferentes os outros.

Como se indica máis arriba, o interese de Luís Freire polo estudo do mundo natural data da primeira xuventude. Sen embargo, foi ao final da década dos 40, tutelado polo seu profesor D. Fermín Bescansa, cando se introduciu no estudo microscópico das algas mariñas e dos cogomelos. Aínda hoxe son útiles as innumerables anotacións das especies recollidas e identificadas naquelas datas.

Desde moi novo Luís Freire coidou da mesma maneira a mente e a forma física. Todos os que o coñecemos sabemos da súa debilidade polos encrucillados e as sopas de letras, e dos baños de domingo, verán e inverno, na praia de Santa Cristina (Oleiros), despois de ir correndo desde a súa casa en Antonio Lens ata a praia e viceversa, costume que durou ata finais de 1996.

Marisa Castro